



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2019/20 |
|---------------------|--|--------|---------------------|-----------|---------|
| Subject (*) | Foundations of Speech Therapy Intervention | | Code | 652G04005 | |
| Study programme | Grao en Logopedia | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Graduate | 1st four-month period | First | Obligatory | 6 | |
| Language | Spanish | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | | |
| Coordinador | Losada Puente, Luisa | E-mail | luisa.losada@udc.es | | |
| Lecturers | Losada Puente, Luisa | E-mail | luisa.losada@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>A materia de Fundamentos da intervención logopédica sitúase no 1º cuatrimestre do 1º Curso do Grao en Logopedia; polo tanto, trátase dunha materia que permite introducirse nos coñecementos necesarios para o estudo no campo da logopedia. A logopedia é unha disciplina de carácter multidisciplinar que comparte o seu estudo sobre a comunicación humana con outras disciplinas relacionadas coa medicina (neuroloxía, psiquiatría, neuroloxía, fisioloxía...), así como coa lingüística, a pedagogía, a psicoloxía... A comunicación e a súa forma máis importante de expresión, a linguaxe, son hoxe en día un dos temas centrais na Sociedade da Información, cuxos cambios son reflectidos nas súas diversas esferas: na educativa, a familiar, a comunitaria... A través desta materia preténdese afonzar nos conceptos chave que mergullarán ao estudantado no campo da intervención logopédica en diversos sectores e campos de acción do profesional da Logopedia.</p> | | | | |

Study programme competences / results

| Code | Study programme competences / results |
|------|--|
| A6 | Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais. |
| A13 | Coñecer os principios xenerais de la intervención logopédica. |
| A14 | Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento. |
| A16 | Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial. |
| A24 | Coñecer o concepto de Logopedia, obxecto e método; A profesión de logopeda; A Historia da Logopedia; A deontoloxía e a lexislación relevante para o exercicio profesional. |
| A25 | Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais. |
| A32 | Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación. |
| B7 | Capacidade de análise e síntese. |
| B9 | Capacidade de organizar e planificar. |
| B16 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B17 | Saber expresarse en público. |
| B19 | Ter compromiso ético. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Learning outcomes

| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
|--|---------------------------------------|----------|--|
| Coñece e diferencia os conceptos fundamentais relativos aos trastornos da comunicación, da linguaxe, da fala, da voz e a audición e as funcións orais non verbais. | A6 | B7 B9 | |



| | | | |
|---|-------------------|-------------------|----------|
| Explica os conceptos e principios xerais da intervención logopédica, identificando e diferenciando segundo as súas competencias, así como as funcións de prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento. | A13 A14 A24 | B16 B17 | |
| Identifica e diferencia as características da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial... | A13 A16 A32 | B7 B9 B16 | C8 |
| Comprende e analiza a profesión de logopeda, o seu obxecto e método, atendendo ás súa evolución histórica, características e á deontoloxía e lexislación actual para o exercicio profesional. | A14 A24 A32 | B7 B9 B19 | |
| Demostra o manexo de instrumentos de recollida de información pertinentes para estudar a realidade que envolve á profesión do/da Logopeda. | A32 | B16 B19 | C8 |
| Pon en práctica os coñecementos adquiridos acerca da profesión de Logopeda e a súa labor nas diversas institucións educativas, sanitarias e sociais. | A25 A32 | B16 B17 B19 | C1 C8 |
| Pon en valor a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | B19 | C8 |

| Contents | |
|---|---|
| Topic | Sub-topic |
| Tema 1. Introducción á logopedia | 1.1. Aproximación ao campo da logopedia: análise epistemolóxico e conceptual 1.2. Relacións da logopedia con outras disciplinas 1.3. Panorama histórico da logopedia |
| Tema 2. Obxecto da intervención logopédica | 2.1. Perfil e funcións do/da logopeda 2.2. Destinatarios da intervención logopédica 2.3. Competencias profesionais do/da logopeda para a intervención |
| Tema 3. Ámbitos e contextos da intervención: características e organización | 3.1. Segundo o tipo de función: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento 3.2. Segundo as persoas destinatarias 3.3. Segundo o contexto, ámbito ou lugar de actuación 3.4. Segundo o tipo de patoloxía e trastorno |
| Tema 4. Funcións do/da logopeda | 4.1. Funcións no contexto escolar 4.2. Funcións nos servizos sociais 4.3. Funcións en relación a profesionais da voz |
| Tema 5. A actuación do logopeda e a lexislación básica | 5.1. A profesión de Logopeda en España e na UE 5.2. Código Deontolóxico do Consello Xeral de Colexios de Logopedas |

| Planning | | | | |
|---------------------------------|-------------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Guest lecture / keynote speech | A6 A13 A14 A16 A24 A25 | 18 | 0 | 18 |
| Mixed objective/subjective test | A6 A13 A14 A16 A24 A25 B7 B9 | 2 | 20 | 22 |
| Document analysis | A6 A13 A24 B7 B9 B17 C8 C1 | 4.5 | 22.5 | 27 |
| Case study | A14 A32 B16 C1 C8 | 1.5 | 7.5 | 9 |
| Seminar | A24 A25 B19 | 3 | 0 | 3 |
| Oral presentation | B17 B7 C1 | 6 | 30 | 36 |
| Research (Research project) | A16 A25 A32 B7 B16 B17 B19 C8 C1 | 4.5 | 22.5 | 27 |



| | | | | |
|---|--|---|---|---|
| Personalized attention | | 8 | 0 | 8 |
| (*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students. | | | | |

| Methodologies | |
|---------------------------------|--|
| Methodologies | Description |
| Guest lecture / keynote speech | <p>Exposición oral por parte da docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado.</p> <p>A estrutura das sesións maxistras rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividades que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.</p> |
| Mixed objective/subjective test | <p>Proba escrita para a avaliación do coñecemento que poderá integrar preguntas de tipo probas de ensaio (preguntas abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de proba obxectiva (de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación).</p> |
| Document analysis | <p>Actividades destinadas a que o alumnado realice a lectura e análise crítica da información procedente de fontes documentais diversas. Tras unha lectura reflexiva, deberá responder ás cuestións formuladas pola docente:</p> <p>(a) documentos relevantes (artigos de revista e/ou prensa, capítulos de libros...) que permitan a definición dos conceptos clave da materia, trala procura por parte do alumnado.</p> <p>(b) lectura, resumo e análise de documentos para a preparación de contidos a expoñer ante os/as seus compañeiros/as;</p> <p>(c) lectura para ampliar a comprensión de conceptos básicos da materia e que permitan a elaboración de pensamentos razoados sobre as competencias, perfís e funcións do/da profesional da logopedia.</p> |
| Case study | <p>Actividade na que o alumnado deberá presentar unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional. Describírase de xeito amplo e detallado, e o alumnado deberá ser quen de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistras, así como outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da materia.</p> <p>Realízase grupalmente (o número de participantes a determinar, segundo o número de alumnado matriculado) e será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.</p> |
| Seminar | <p>Técnica de traballo en grupo na que se estudará de forma intensiva a temática da profesión de Logopeda en España e na UE. A finalidade é xerar discusión, participación, elaboración de documentos e acadar unhas conclusións entre todas as persoas participantes.</p> <p>Poderase dar en unha das dúas modalidades seguintes:</p> <p>(a) En forma de charla-coloquio, convidando a unha persoa experta en materia que formule cuestións e suscite inquietudes propias da profesión que serán debatidas por todo o alumnado.</p> <p>(a) A través da procura de información sobre os distintos Colexios Profesionais de Logopedas. Neste caso, será o propio alumnado o que aprofunde sobre o tema e desenvolva cuestións de interese.</p> |
| Oral presentation | <p>O alumnado deberá presentar algunhas das actividades propostas no marco da análise de fontes documentais, estudo de caso e, se procede, no seminario. As presentacións das actividades traballadas en grupo será grupal e requirirase da participación de todos os integrantes.</p> <p>O proxecto de investigación será presentado por parte de todo o grupo, a modo de exposición oral, empregando para isto recursos e medios de carácter innovador. Valorarase, ademais da calidade e claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos, a adecuación ao público e lugar da presentación e, sobre todo, a creatividade e a innovación.</p> |
| Research (Research project) | <p>O alumnado deberá aprofundar e investigar sobre un tema de entre varios que se propoñan. Traballarase en grupo, elixindo un tema dos propostos, procurando que o tema non se repita entre os grupos.</p> <p>O grupo elaborará un traballo escrito, que entregará e exporá.</p> |



Personalized attention

| Methodologies | Description |
|--|--|
| Mixed objective/subjective test Document analysis Research (Research project) Seminar | Se ofrecerá ao alumnado atención personalizada nas titorías individuais e/ou grupais tanto para o desenvolvemento e corrección dos traballos de aula (análise de fontes documentais, seminario, investigación) como para a resolución de dúbidas para o exame (proba mixta), coa finalidade de facer un seguimento da evolución da aprendizaxe e un rexistro do seu traballo persoal. O alumnado acudirá no horario de titorías disposto pola docente para o 1º cuatrimestre. Recoméndase solicitar con antelación, por correo electrónico, unha cita coa docente para evitar esperas innecesarias e interrupcións da labor dos/das docentes nos seus despachos por mor do ruído xerado nos pasillos. |

Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|---------------------------------|---------------------------------|---|---------------|
| Mixed objective/subjective test | A6 A13 A14 A16 A24 A25 B7 B9 | Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia. Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple, de asociación, de resposta curta e/ou resposta aberta/desenvolvemento. O sistema de corrección no caso das probas obxectivas será o seguinte: - Preguntas V/F: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Preguntas resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas - 1) - Preguntas de asociación: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. | 70 |



| | | | |
|-----------------------------|-------------------------------------|---|----|
| Research (Research project) | A16 A25 A32 B7 B16 B17 B19 C8 C1 | <p>O alumnado deberá entregar, grupalmente, o resultado do proceso de investigación na modalidade seleccionada (redacción dun informe dunha institución; recensión dun libro; lectura e análise crítico de prensa; análise de materiais de intervención logopédica; etc.).</p> <p>O informe da investigación desenvolvida deberá presentar as seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none">- Extensión entre 10-20 páxinas, incluíndo índice e referencias bibliográficas.- Tipo de letra: Arial 11 puntos. Espaciado 1.5.- Incluir: portada, índice e apartados básicos do proxecto (introducción, desenvolvemento e conclusións).- Adecuar o traballo ás Normas APA 6ª Edición (ou unha posterior se procedese). No parafraseado deben figurar as fontes orixinais das ideas que se reelaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade que é un requisito imprescindible para demostrar a excelencia académica. <p>Recoméndase consultar todo o relacionado coa propiedade intelectual e cómo publicar no seguinte enlace: https://www.udc.es/gl/biblioteca/servizos/apoio_investigacion/servizos_apoio/index.html</p> | 20 |
| Oral presentation | B17 B7 C1 | <p>Algunhas das prácticas presentaranse oralmente a fin de resolver dúbidas de cara ao examen. A única práctica puntuable na súa presentación oral será o proxecto de investigación, que se valorará en base aos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">- Calidade e claridade na exposición- Estilo e formato da presentación- Capacidade de expoñer públicamente- Capacidade de axustarse aos tempos esixidos- Emprego de medios e recursos innovadores. | 10 |

Assessment comments



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

- Asistir a clase. A asistencia a clase é obrigatoria nun 80% das sesións tanto teóricas como prácticas. A docente poderá solicitar ao alumnado que firme unha folia tanto na entrada como na saída.
- Asistir e participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia) supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do tempo de clase.
- Acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.
- Axustarse ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de suspenso.
- Realizar as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na aula.
- A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.

MODALIDADES DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpra co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

AVALIACIÓN CONTINUA: modalidade de avaliación aplicable a alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpra co requisito de asistencia dun 80%, tanto das sesións teóricas como prácticas; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial (sempre que cumpra co réxime de asistencia):

- Alumnado asistente: Será evaluado ao longo do proceso de aprendizaxe, a través da realización das actividades prácticas (son materia de exame) e do proxecto de investigación e a súa presentación oral, que será revisado pola profesora, así como da avaliación final por medio da proba mixta.
- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue á docente. O alumnado que se adhiera a esta modalidade será avaliado baixo o seguinte proceso de avaliación:

(a) Terá que entregar o traballo de investigación de xeito individual que será valorado cun 30% da cualificación final da materia; isto é, 3 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 1.5 punto). O prazo para a entregar será o mesmo que o dos compañeiros presenciais.

(b) Terá que realizar o exame de proba mixta, cuxa cualificación será do 70% da nota final; isto é, 7 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 3.5 punto).

AVALIACIÓN FINAL: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%), alumnado que non realiza a proposta do proxecto investigador e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial (que non cumpra a asistencia do 80%). Para este alumnado, establécese que:

(a) Terá que entregar o traballo de investigación de xeito individual, que será valorado cun 10% da cualificación final da materia; isto é, 1 punto sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 0.5 puntos). O prazo para a entregar será o mesmo que o dos compañeiros presenciais.

(b) Terá que realizar o exame de proba mixta, cuxa cualificación será do 90% da nota final; isto é, 9 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a

metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 4.5 puntos). Neste exame, contará con una/dúas pregunta/s adicionais sobre os contidos prácticos da materia.

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademáis se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio.



Sources of information

| | |
|-----------------------------|--|
| <p>Basic</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Castellanos López, M.A., Pérez Moreno, E. y Simón López, T. (2018). Métodos de investigación en logopedia. Madrid: Síntesis - Gallardo, J.R. y Gallego Ortega, J.L. (2003). Manual de logopedia escolar: un enfoque práctico (4ª ed.). Málaga: Aljibe - Gallego Ortega, J.L. (1999). Calidad en la intervención logopédica: Estudio de caso. Málaga: Aljibe - Gutiérrez Zuloaga, I. (1997). Introducción a la historia de la logopedia. Madrid: Narcea - Lou Royo, M.A. y Jiménez Correa, A. (1999). Logopedia: Ámbitos de intervención . Málaga: Aljibe - Nolla Casals, A. (2015). La logopedia. Barcelona: Editorial UOC - Peña-Casanova, J. (2014). Manual de logopedia (4ª ed).. Barcelona: Elsevier Masson - Perelló, J. (2002). Diccionario de Logopedia, Foniatría y Audiología (2ª ed.). Barcelona: Ediciones Lebón - American Psychological Association (2010). Manual of the American Psychological Association (6ª ed.). Washington: American Psychological Association |
| <p>Complementary</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Baña Castro, M. y Losada-Puente, L. (2017). La intervención en el desarrollo de las personas con Trastornos del Espectro del Autismo y las Tecnologías de la información y la Comunicación (pp. 122-135). Propuesta de Innovación Educativa en la Sociedad de la Información - Baña Castro, M. y Losada-Puente, L. (2016). Un programa para el desarrollo en las personas con Trastornos del Espectro del Autismo a través de la sociedad de la información (pp. 374-385). EDUNOVATIC 2016 - I Congreso Virtual internacional de Educación, Innovación y TIC - Hernández Fernández, A. (2011). Aspectos sobre formación en audición y lenguaje, logopedia y apoyo a la integración. Granada: Educiones ADEO - Iglesias Cortiazs, M.J. y Sánchez Rodríguez de Castro, M.C. (2007). Diagnóstico e intervención didáctica del lenguaje escolar. A Coruña: Netbiblio - Losada-Puente, L. y Baña Castro, M. (2016). La comunicación sincrónica y asincrónica en la intervención con personas con Trastorno del Espectro del Autismo (pp. 594-604). EDUNOVATIC 2016 - I Congreso Virtual internacional de Educación, Innovación y TIC. |

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Se recomienda los envíos de los trabajos telemáticamente y si no es posible, no utilizar plásticos, elegir la impresión a doble cara, emplear papel reciclado y evitar imprimir borradores. Se debe hacer un uso sostenible de los recursos y la prevención de impactos negativos sobre el medio natural. Se debe tener en cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con los valores de la sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.